

Vigo, 8 de Outubro de 2009

Coa produción que se anuncia para Novembro, faise necesario unha reflexión:

Tendo en conta que os provedores xa tiñan a principio de Setembro as previsións de Novembro, *¿como non se regularizaron estas entre os meses de Outubro e Novembro?, ¿..por que non favorecer un maior equilibrio das cadencias en vez de dar saltos?*. Non logramos entender estes sorprendentes e repentinos cambios de produción.

Admitindo a flutuación dos mercados, e engadíndolle os datos macroeconómicos, que sinalan que cando menos os países Europeos, principais clientes dos nosos produtos, están a iniciar a recuperación económica, *¿debemos pensar que o Departamento de Comercial non ten a situación controlada, ou este efecto acordeón está calculado para favorecer as novas fórmulas de flexibilidade?*

A C.I.G., dende o escomenzo da crise, xa declarou a súa disposición a compartir aquelas medidas, de carácter conxuntural, para que nos permitise superar o bache, deixando claro, que o sacrificio non podía implicar perda de dereitos dos traballadores/as.

Afirmábase iso, porque a experiencia sinálanos que as crises, que deberan servir para corrixir as causas que a provocan, a Patronal no seu conxunto convértena *nunha oportunidade* para intentar precarizar o mundo laboral. Por un lado con medidas flexibilizadoras nos propios Centros de traballo, e por outro como Asociados na CEOE, esixindo un día tras outro: *axudas económicas das arcas públicas e para os traballadores/as... abaratar o despido... pagar menos a Seguridade Social.. privatizar o INEM etc. etc”.*

Só dende esta perspectiva, pode ter certa explicación o que nos está ocorrendo coa produción, o ir acompañada con *medidas negativas para os traballadores/as*. Vexamos:

Outubro.- Mes de alta actividade: sábados extras, xornadas de 12 horas, quenda de noite con mobilidade. E como novidade principal en Ferraxe anúnciase o *cambio de velocidade da cadea dentro dun mesmo reparto*, (vulnerando, ó noso entender, o Art. 27 do Convenio Colectivo)

Novembro.- Mes de menor actividade: despois de deitarnos no *31 de outubro velando*, erguémonos o día 2 de Novembro como *non laborable*. Neste mes tamén non falta a novidade de flexibilidade ó pretender que a *quenda de noite entre 15 minutos máis tarde*.

Dúas grandes novidades que sumaríamos no capítulo dos retrocesos sociais, que se ben mereceron a desaprobación de toda ou parte da Representación do Comité de Empresa, a C.I.G., tendo en conta que o alcance das medidas veñen con intención de quedarse, defenderá os dereitos dos traballadores/as nas instancias correspondentes.

Confederación Intersindical Galega